

**ELECCIÓN XERAIS 2019. GALICIA PINTA NO ESTADO.
PROGRAMA ELECTORAL COMPROMISO POR GALICIA**



ELECCIÓN XERAIS 2019. GALICIA PINTA NO ESTADO. PROGRAMA ELECTORAL COMPROMISO POR GALICIA

GALICIA PINTA NO ESTADO

INTRODUCCIÓN. GALICIA PINTA NO ESTADO.

DEREITOS E LIBERDADES. O COMPROMISO HUMANISTA.

POLÍTICA EXTERIOR; O ATLANTISMO DE GALICIA E COMPROMISO DE INTERNACIONALISMO E SOLIDARIEDADE COS POBOS DO MUNDO.

ECONOMIA E EMPREGO: COMPROMISO COA XENTE E OS SECTORES PRODUTIVOS.

INVESTIMENTOS DO ESTADO EN INFRAESTRUTURAS EN GALICIA. COMPROMISO PINTA NO ESTADO, GALICIA PINTA NO MUNDO.

O COMPROMISO COAS POLÍTICAS SOCIAIS: COMPROMISO CO ESTADO DE BENESTAR, COMPROMISO CO PIAR SOCIAL EUROPEO.

COMPROMISO CO MEDIO AMBIENTE E O O DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL. O COMPROMISO GLOBAL.



GALICIA PINTA NO ESTADO

#GALEGUISTASAMADRID
#CXGPORSUPOSTOQUESI



INTRODUCCIÓN. GALICIA PINTA NO ESTADO.

O Reino da España ven sufrindo na última década un clima político baseado na polarización da sociedade e nunha forte política de recentralización. A profunda crise económica de 2008 bateu fortemente na Europa e Galicia non foi allea a este feito. Desta crise temos consecuencias tremendamente negativas para o noso País coa taxa de suicidios en 11,6 por cada cen mil habitantes. **O desemprego, a pobreza enerxética, a soidade, o maltrato aos maiores, o despoboamento, o avellentamento, os despexos... foron factores todos eles que foron marcando a crise que sofre a nosa Galicia.**

A isto sumamos o fenómeno da emigración que afecta a moitos dos fillos dos que xa anteriormente tiveran tamén no seu caso que emigrar nos '60 e '70 do século pasado. Unha segunda vaga migratoria de galegos e galegas que aumenta o noso problema demográfico, situando a Galicia como unha das rexións europeas mais avellentadas. Tamén e como consecuencia disto temos un saldo vexetativo negativo, perdendo 2000 habitantes/ano. Ao final **o propio mapa de Galicia vai baleirando de lugares e aldeas, das que temos 3562 totalmente abandonadas e despoboadas.**

Uns problemas sobre os que temos que deitar encima a perda total dun sistema financeiro autóctono coa perda primeiramente do sistema de caixas de aforro e posteriormente coa perda do último dos bancos galegos e a súa integración no Banco Santander.



Se botamos a ollada para atrás, ollamos a unha Galicia que perde poboación, perde o sistema bancario, perde empresas que ou ben pasan a mans de capitais estranxeiros ou ben pechan definitivamente. **Unha Galicia que desde os poderes centrais do estado é continuamente minusvalorada e non tida en conta polas grandes liñas políticas de estado.**

Galicia ficou de primeiras fóra do “Corredor Atlántico” e dos eixos centrais de infraestruturas de mercadorías e de transporte terrestre de pasaxeiros. Galicia viu como segue a manter a conectividade interna por autoestrada mais cara da España no eixo da AP-9 Tui-Ferrol, perdendo competitividade e freando a creación de riqueza no noso País.

Todo este panorama é no que estamos gracias ás políticas aprobadas, lexislatura tras lexislatura, polos nosos representantes en Madrid. Os gobernos de Mariano Rajoy, primeiro e o Goberno Sánchez, despois, deixaron fóra a Galicia das decisións políticas do estado central. As galegas e galegos ollamos como os nosos votos foron usados para manter a gobernabilidade polos grandes partidos que seguiron investindo e apostando por outras partes do Reino da España. **A progresión nesta última década foi unha continua baixada das inversións do goberno de Madrid en Galicia e un saldo de traspaso de competencias a Galicia que é igual a cero!!**

Tampouco os representantes políticos que dicían ir defender os intereses dos e das galegas en Madrid actuaron conforme a este mandato da vontade popular. As chamadas confluencias someteran os intereses políticos galegos as decisións do núcleo duro saído de Vista Alegre; que ten por forte eixo ideolóxico a patria española, como centro das súas decisións políticas.

Temos pois un panorama de País, que aínda todas as nosas potencialidades, segue sen converxer coa Unión Europea e que de cada vez ten un futuro mais negro. Poren, os galeguistas non deixamos que esta realidade cale as nosas demandas. **Os galeguistas temos que por a Galicia no centro do mundo, desde o humanismo e a construción cívica da nación.**



Os galeguistas temos que ir a Madrid, non a gobernar España, os galeguistas temos que ir a Madrid para poder conseguir o mellor para Galicia.

Os galeguistas de Compromiso por Galicia pensamos que a campaña a estas eleccións xerais #28A non pode estar centrada na gobernabilidade de España. Ata hoxe, sempre os galegos e galegas escollemos mal neste eixo político para as eleccións xerais, xa que pensabamos que incidíamos; cos nosos votos aos partidos estatais; na gobernabilidade do estado. **Tras mais de 40 anos estamos diante dunha Galicia con menos poboación, coas pensións mais baixas, cunha alta precariedade laboral,... o que temos que facer é escoller en clave de Galicia. Foron 40 anos escollendo a representantes galegos que foran grandes homes de estado, pero un desastre para Galicia, para o noso futuro, a nosa poboación e a nosa economía.** Outros pensan que van a Madrid a gobernar España, nós vamos a conseguir o mellor para Galicia.

Vivimos unha profunda crise da democracia, empurrada pola corrupción endémica dos vellos partidos e as "toupeiras" que lideraron a chamada "nova política". Isto fixo crecer a desafección pola política e está a provocar esta volta a un mundo profundamente antidemocrático e profundamente perigoso para o sostemento das democracias, para o respecto dos dereitos humanos e para o avance e o progreso das nosas sociedades.

O xiro da orden mundial, nun mundo que camiña cara réximes políticos autocráticos por todo lado; desde a China, a Rusia ou o Irán; está a traer para a Europa tamén unha forte onda de involucionismo nos valores de progreso e democracia e no que respecta á defensa dos dereitos humanos. A mensaxe política dá para que realmente teñamos que dar unha grande relevancia aos valores que sempre defendemos os demócratas e os humanistas, como son os valores de unha sociedade libre, de progreso, con forte valorización na educación pública e da redistribución das rendas e con fortes políticas sociais.



Todo isto faría que olláramos para Galicia como algo medio baleiro. Nós, aínda e todo, ollamos a Galicia medio chea!!!

Galicia segue a ter unha oportunidade, unicamente depende dos galegos e galegas darlle esta oportunidade para seguir existindo. **A Galicia medio chea chegara da man do voto galeguista.** Compromiso por Galicia sabe que Galicia é dura, é granítica, é de pedra e as súas xentes fortes e rexas!! Por iso confiamos no noso pobo, confiamos na Galicia dos bos e xenerosos, confiamos nas xentes que teñen a Galicia no seu interior,.. e é con esa Galicia que temos o noso compromiso.

Unha Galicia comprometida coas súas capacidades, coas súas forzas propias, co seu talento, coas súas empresas, emprendedores, mariñeiros, traballadores, estudantes, investigadores,... Unha Galicia segura de si mesma!

Unha Galicia medio chea!!

Unha Galicia con futuro!!

Unha Galicia que pinta no Estado!!!

Para que Galicia pinte algo no Estado, Galicia ten que exercer con política propia dentro do Estado, sen submisións e sen ser delegación de Madrid, o pobo galego ten que tomar consciencia de que pode realmente incidir na política do goberno central de Madrid sen ter que pasar polas rúas de Xénova ou de Ferraz. MUITO MENOS podemos confiar neses que dicían ir a Madrid defendendo ao noso País e logo afogaron na marea dos intereses políticos dos líderes da Complutense. A indignidade da súa acción política non debe ficar impune e somos nós, cos nosos votos, quen temos que deixar a un lado aos peores representantes políticos da historia recente de Galicia.



Galicia xoga moito nestas eleccións, xoga seguir sendo, o seu ser ou non ser, nós somos; e ti tamén? Galicia neste momento ten que ser maior, ten que ser madura, ten que reflexionar sobre si mesma, as galegas e galegos temos que pensar no futuro que temos por diante, temos que ollar ao mundo que nos rodea e coa ollada clara e a mente aberta, pensar no noso.

**NO MARCO DUN NOVO PROCESO ELEITORAL,
FUNDAMENTAL
PARA O FUTURO DE GALICIA,
COMPROMISO POR GALICIA EXPÓN:**

1. Compromiso por Galicia é unha forza política profundamente europeísta, acreditamos no proceso de construción europeo e no seu fundamento como parte dunha sociedade internacional mais xusta e solidaria dentro dun marco de defensa dos dereitos fundamentais e dos valores democráticos de liberdade, paz, solidariedade e educación.

2. O Reino de España está vivindo momentos políticos que cuestionan a súa propia democracia interna, ao tempo que está a sufrir un “tsunami” da súa configuración territorial. Para Compromiso por Galicia é fundamental que Galicia non deixe pasar outra vez a oportunidade histórica de pintar algo no Estado, para que as galegas e os galegos poidamos ter peso político específico dentro do Estado e mellorar as nosas condicións de vida.

3. O noso compromiso é coa loita contra todas as formas de discriminación e primeiramente a loita na eliminación das grandes diferencias entre homes e mulleres, así mesmo como naquelas derivadas da orientación sexual. Un Reino da España mais aberto e plural, inclusivo e que defenda os valores de progreso e do humanismo fronte ao escurantismo e a volta á barbarie que algúns están a propor.



4. Compromiso por Galicia enfrontará os valores da democracia, do pluralismo político e do respecto polas minorías como forma de defensa ante o ascenso da ultra-dereita populista e do ultra-nacionalismo español, ante o incremento da xenofobia e do racismo e das políticas de involución de dereitos sociais individuais e colectivos. Os galeguistas de Compromiso por Galicia apostamos por unhas sociedades onde gobernen os valores de xustiza e liberdade e progreso.

5. O encadre político de Galicia dentro do Reino da España estará sempre condicionado primeiramente á defensa dos nosos intereses como pobo. Isto ten fundamento nunha forza política coma a nosa con axenda de seu. Neste sentido, Compromiso por Galicia, é a forza política necesaria para que Galicia teña presenza nos foros de decisións dentro do Estado e para que Galicia teña un poder de negociación real coas forzas políticas que queiran gobernar en Madrid.

6. Un Reino de España onde exista un encaixe territorial para as nacións sen estado que formamos parte do mesmo, dentro dunha Unión Europea dos pobos. Compromiso por Galicia entende que se Galicia é tamén Estado, poderemos **levar directamente as nosas demandas a instancias superiores como a Unión Europea.**

7. O galeguismo quere demandar o peche, pasados xa case que 40 anos, do proceso de cesión de competencias do Estado para a Comunidade Autónoma de Galicia, xa que o estatuto de autonomía para Galicia segue a estar sen desenvolver na súa plenitude e os diversos gobernos, tanto centrais, como autonómicos, a negar os diferentes trasposos de competencias que a nós correspóndennos por lei.

8. Compromiso por Galicia representa un factor de estabilidade na política do estado, xa que a nosa única preocupación é Galicia. Apoiaremos maiorías políticas estables, sempre e cando Galicia consiga ser respectada dentro do Estado.



9. Galicia é a porta Atlántica de Europa e está no centro do mar, para nós é fundamental a transferencia dos portos e das autoridades portuarias que segue a xestionar o Estado en Galicia, xa que é un sector principal para a nosa propia economía.

10. Compromiso por Galicia ten no seu centro o piar social, con fortes políticas de redistribución e de creación de riqueza dentro dunha economía de mercado responsable e sostible. Neste camiño apostaremos polo incremento dos presupostos de educación, sanidade e investigación.

11. Galicia debe estar presente nas negociacións, tamén a nivel internacional, que afecten directamente aos seus sectores económicos básicos; como o da fabricación de vehículos e compoñentes, o forestal ou o téxtil; sendo irrenunciable a nosa presenza no que afecta ao sector principal da pesca, do que representamos o maior peso dentro do Estado español e no que temos milleiros de empregos e representa unha parte importante do noso PIB.

12. A diplomacia e as relacións internacionais de Galicia pasan de xeito inescusábel pola Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP). Nesta altura é preciso tornar unha política exterior onde o goberno do estado posibilite a entrada da nosa Comunidade Autónoma de Galicia como membro da CPLP, a través dos mecanismos diplomáticos necesarios. No mesmo sentido, **instaremos ao goberno central a dotar a Galicia de mecanismos para poder tratar de maneira preferente as súas relacións con Portugal con quen nos unen lazos culturais, históricos, lingüísticos e económicos.**



13. Compromiso por Galicia entende que é precisa unha reformulación do modelo territorial do estado español. É por isto, que na **procura dun respecto pola multiculturalidade, pluralidade lingüística e diversidade das diferentes nacións sen estado e rexións que forman o actual Estado español levaremos o consenso preciso para unha reformulación do Senado**, como auténtica cámara de representación da plurinacionalidade e dos territorios.

14. Chegaremos a acordos e consensos nas políticas que garantan a defensa dos dereitos da cidadanía que ten outros usos lingüísticos diferentes do castelán, tanto no referente a linguas co-oficiais do propio Estado: catalán, euskera, e galego; na súa extensión territorial fora do ámbito administrativo das súas Comunidades Autónomas, como pode ser o caso do galego no Bierzo ou no Navia-Eo. Como tamén como no referente á diversidade doutras linguas non oficiais como o romaní, o bable, o lliónés, aranés, a fala de Extremadura e outras que conforman a riqueza e pluralidade do Reino da España.

15. As mulleres e homes que formamos Compromiso por Galicia acreditamos profundamente nos valores da democracia e por iso mesmo levaremos ao Congreso e ao Senado e estaremos **sempre defendendo estes valores baseados no respecto á diversidade cultural e lingüística dos diversos pobos da Europa e as súas minorías.**

POR TODO ISTO PRESENTAMOS O SEGUINTE PROGRAMA COAS SEGUINTE LIÑAS CLAVES:

**ELECCIÓN XERAIS 2019. GALICIA PINTA NO ESTADO.
PROGRAMA ELECTORAL COMPROMISO POR GALICIA**



GALICIA PINTA NO ESTADO

#GALEGUISTASAMADRID
#CXGPORSUPOSTOQUESI



COMPROMISO COS DEREITOS E LIBERDADES. O COMPROMISO HUMANISTA.

Compromiso por Galicia leva por diante sempre a defensa dos valores dos dereitos humanos e da democracia, dos valores da fraternidade, da igualdade e da liberdade. O galeguismo sempre estará do lado dos demócratas e dos avances de progreso social. Fronte aos partidos eurófobos e os populismos que traen unha mensaxe de xenofobia, racismo, homofobia, anti-migración e que levan profundamente para unha involución antidemocrática das nosas sociedades, desde Compromiso por Galicia queremos dar valor a unhas sociedades onde o respecto e a tolerancia sexan os eixos das súas políticas, das nosas vidas.

O noso camiño sempre estará do lado da razón, do lado da luz e do humanismo, condenando sempre os ataques do odio, da sen razón e do medo, camiñaremos sempre cara o modelo de democracia avanzada que entendemos como única forma para o futuro dunhas sociedades mais xustas e mais iguais en dereitos e liberdades.

Este respecto dos dereitos e liberdades debe alcanzar tamén ás persoas que cometeron delitos. **É para nós increíble ollar para os que se chaman os partidos “constitucionalistas” rachar o propio consenso constitucional sobre o carácter progresista e de reinserción do sistema penitenciario do Reino da España.** Por iso, resultan tan importantes os principios constitucionais de reeducación e de reinserción, que deberían inspirar lexislacións futuras e que de facto se exclúen co sistema actual.



Ademais, seguen sen desenvolverse as reformas necesarias para que a Administración de Xustiza funcione apropiadamente e adecúese á estrutura dun Estado descentralizado xa que seguimos cunha xustiza que é herdeira da administración franquista.

Nesta materia as xentes galeguistas de Compromiso por Galicia temos que facer que Galicia pinte no Estado:

16. Respecto aos avances producidos en igualdade e dereitos cidadáns. Oposición frontal ás leis aprobadas nas últimas lexislaturas e que supuxeron indubidábeis agresións en canto a igualdade e dereitos cidadáns. En concreto, **é da máxima prioridade para frear a involución nos dereitos e liberdades a derogación da Lei Orgánica de Protección da Seguridade Cidadá.**

17. Combate á violencia de xénero, garantindo que se dota de suficientes recursos a fin de que as vítimas poidan obter protección, atención e xustiza de forma efectiva. **Negociaremos a creación dun Plan estatal de Concienciación e Educación en Igualdade,** con incidencia na educación; colexios, institutos, universidades; nas empresas, na rúa, nos medios de comunicación, na publicidade,... en coordinación coas Comunidades Autónomas con competencias sobre as materias afectadas.

18. Dignidade no final da vida. É imprescindible abordar socialmente e xuridicamente un debate serio e profundo sobre esta cuestión, que en calquera caso debe resolverse sobre a base dos seguintes principios: que todas as persoas teñen dereito a unha atención paliativa integral desde o momento do diagnóstico da súa enfermidade, atención que deberá ser profundada e incrementada a medida que os medios terapéuticos da enfermidade de base non logren o seu obxectivo terapéutico ou que o paciente vaia sucumbindo á mesma; que dita atención debe ser universal e accesible tanto no ámbito socio-sanitario como no domicilio; que a non iniciación ou a retirada de calquera tratamento ata daqueles dirixidos ao mantemento da vida é un dereito de todas as persoas, cuxa decisión debe estar baseada na información tanto dos obxectivos do tratamento como das alternativas existentes e tamén das consecuencias que dita decisión



poidan supoñer; que para a posible **despenalización, tanto do suicidio asistido como da eutanasia**, haberán de establecerse con absoluta claridade as condicións concretas e salvagárdalas de todo tipo que deberán ser estritamente contempladas antes da súa posta en práctica.

19. Plena aplicación e financiamento da chamada “Lei da Memoria Histórica”.

Garantir o exercicio efectivo dos dereitos á verdade, a xustiza e a reparación das vítimas de crimes de dereito internacional cometidos durante a Guerra Civil e o franquismo. **Solicitaremos que o goberno español demande os fondos europeos existentes para a recuperación da memoria histórica dos países sometidos a réximes ditatoriais e autoritarios.**

20. Os tempos que se aveciñan, condicionados polo terrorismo internacional, non poden converterse en escusa para a marxinación e prostración de dereitos e liberdades que estiveran na base da construción europea e do mundo occidental. **É necesario dispoñer de lexislación para afrontar este novo fenómeno global, pero coa proporcionalidade necesaria para conxugala co pleno respecto aos dereitos humanos e facendo que a lexislación de excepcionalidade non se converta en regra ordinaria.**

21. Loita contra a pena de morte. Defensa dos Dereitos Humanos en países onde existe a pena de morte e asegurar unha defensa xurídica adecuada a cidadás e cidadáns de nacionalidade española condenados a morte noutros Estados do mundo

22. Lei integral contra o tráfico de persoas e para a protección dos Dereitos Humanos das vítimas.



23. Non á cadea perpetua. Non podemos como demócratas e progresistas mais do que rexeitar con toda a nosa contundencia a denominada “prisión permanente revisábel”, que suporía a instauración “de facto” da cadea perpetua. De feito, a pasada lexislatura caracterizouse por un aumento desmesurado das penas. Resulta para nós preocupante a mensaxe que están a lanzar eses que se chaman a si mesmos de “constitucionalistas” sobre a aplicación indirecta da condena perpetua e que eles chaman “condena permanente revisable”.

24. Levaremos ás Cortes do Estado un Plano de Dereitos Humanos, co maior consenso con outras formacións políticas e con medidas concretas tanto en política exterior como en política interior, con obxectivos claros, estratexias de acción e prazos que permitan contribuír á consecución de resultados, incluíndo a incorporación de mecanismos de seguimento e avaliación transparentes que permitan o control do seu implementación por parte da sociedade civil e o Congreso.

25. Adopción dunha política europea de inmigración.

26. Plena aplicación do regulamento Dublín II, para determinar canto antes cal é o Estado membro responsable do exame da solicitude de asilo e previr o abuso dos procedementos de asilo. Adaptación á nova situación da crise de refuxiados que se produce actualmente en Europa.

27. Garantir os dereitos das persoas migrantes. Aplicar alternativas á privación de liberdade nos Centros de Internamento (CIEs). Asegurar que a aplicación do Regulamento dos CIEs garante os dereitos das persoas migrantes e permite levar a cabo investigacións exhaustivas e rigorosas sobre as denuncias de malos tratos e outras violacións de dereitos humanos que se poidan producir.



28. Garantir o principio de non devolución nos procedementos de expulsión e unhas condicións de acollida dignas, en liña cos estándares internacionais, das persoas refuxiadas e solicitantes de asilo.

29. Mantemento dos dereitos das persoas estranxeiras residentes ante a actual política estatal de estranxeiría, na que gran parte das medidas dirixíronse a reducir os continxentes, especialmente no referente ao reagrupamento familiar e ao arraigo.

30. Adecuación da Administración de Xustiza ao estado das autonomías. O Tribunal Superior de Xustiza Galicia ten que ser o cumio do sistema xudicial en Galicia, onde a Xunta de Galicia ten que promover unha nova lei de dereito civil galego moito máis ampla da existente na actualidade. Deste modo; sobre a base dunha nova lei sobre dereito civil galego e segundo os artigos 478 da LEC e o 73 da LOPX.; esgotaríanse as sucesivas instancias procesais, incluídos os recursos de casación ou a última instancia, coa única excepción, no conxunto do Estado, da xurisdición do Tribunal Supremo. **Neste sentido é imprescindible a aplicación do artigo 27.25 do Estatuto de Autonomía de Galicia sobre a creación dunha policía galega e que sería para todos os efectos a policía xudicial.**

**ELECCIÓN XERAIS 2019. GALICIA PINTA NO ESTADO.
PROGRAMA ELECTORAL COMPROMISO POR GALICIA**



GALICIA PINTA NO ESTADO

#GALEGUISTASAMADRID
#CXGPORSUPOSTOQUESI



COMPROMISO COA POLÍTICA EXTERIOR; O ATLANTISMO DE GALICIA E COMPROMISO DE INTERNACIONALISMO E SOLIDARIEDADE COS POBOS DO MUNDO.

Ao contrario que a política exterior común a todos os gobernos centrais que levan dirixido as relacións exteriores do Reino da España, nun ámbito virado fortemente cara o Mediterráneo, **para Compromiso por Galicia e para Galicia; como país atlántico que é; torna fundamental e básico para a posición de Galicia no sistema internacional e no mundo, que o Estado español traballe para que Galicia poida confluír sobre a sociedade internacional. Principalmente, sobre aquela que lle é mais próxima, principalmente con aquela coa que por razóns tanto históricas, como socias, económicas e por enriba de todo: culturais e lingüísticas; que é aquela comunidade que conforma a lusofonia.**

A acción exterior da Xunta de Galicia ten vindo a funcionar dentro dos parámetros propios da paradiplomacia; ben de xeito formal, tanto de maneira informal; nunha sorte de subterfuxio de relacións exteriores da Comunidade Autónoma tanto coa comunidade de galegos espallados polo mundo; que damos en chamar “galeguidade” segundo recoñece o propio Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981; como coa comunidade lingüística do portugués coa que temos especiais relacións.

Porén, Compromiso por Galicia comprende que as relacións internacionais sendo competencia exclusiva do Estado central, deben representar os intereses e as arelas do pobo galego, da súa galeguidade e da lusofonia.



Galicia partilla con esta comunidade internacional unha serie de elementos comúns que fai inescusábel o avance das nosas relacións internacionais co grupo de Estados que conforman a Comunidade de Países de Lingua Portuguesa e toda a nosa emigración secular a Portugal, América e Europa de maneira mais pronunciada. O alargamento da nosa economía e da nosa posición no mundo ten que vir da man da inclusión de Galicia nesta organización internacional. Angola, Brasil, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Guinea Ecuatorial, Mozambique, Portugal, São Tomé e Príncipe e Timor Leste forman **unha comunidade de mais de 220 millóns de habitantes; e que no 2050 estimase que sexan 350 millóns de habitantes e unha parte importante do PIB mundial;** e que xa son un dos eixos da acción exterior a día de hoxe da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para alén do mais, para Compromiso por Galicia, un dos valores a promover con prioridade nas relacións internacionais, é a creación dun plano para a intervención económica da Unión Europea na África.

O futuro das nosas democracias pasa exclusivamente pola xeración dun plano; tanto económico, como político; para transferir aos habitantes da África unha mellora substancial das súas condicións de vida, dos seus dereitos e liberdades e no fin, que se consigan unhas sociedades economicamente sustentábeis e réximes políticos democráticos: onde exista respecto aos dereitos humanos e ás liberdades cívicas como poden ser a liberdade de expresión, de circulación, de culto, de prensa, de ideoloxía, opinión, de formar partidos políticos e sindicatos, etc, etc,...

31. Inclusión de Galicia na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa a través da integración como membro de pleno dereito da mesma a través das ferramentas diplomáticas do Reino da España e coa máxima representación dentro da mesma de Galicia a través do Presidente da Comunidade Autónoma de Galicia.



32. Ratificar os instrumentos internacionais de protección dos Dereitos Humanos, como a Carta Social Europea Revisada e a Convención sobre a Imprescritibilidade dos Crimes de Guerra e dos Crimes de Lesa Humanidade.

33. Unha política exterior comprometida cos dereitos humanos, que non deixe fora aos Dereitos Humanos por outros supostos intereses superiores. **Os intereses da xeopolítica non poden facer que o discurso humanista, democrático e social en que se basea Europa quede en dúbida á hora de actuar sobre o terreo.**

34. Levar un plano de inversións económicas para a África e avanzar no respecto dos valores da democracia e dos dereitos humanos no continente. Para o futuro da Unión Europea un dos seus camiños pasa de xeito ineludíbel por unha **apertura das políticas de migración e de xeito prioritario por políticas de investimentos directos da UE na África.**

35. Cumprimento dos compromisos de cooperación. É chegado o momento de demostrar a solidariedade internacional que sempre defendeu o galeguismo impulsando un modelo de desenvolvemento global que garanta a xustiza, a igualdade de oportunidades, a defensa da infancia, a equidade de xénero, a sustentabilidade medioambiental e a defensa dos Dereitos Humanos en todo o mundo.

36. Compromiso por Galicia demandará do goberno do Estado unha verdadeira política exterior para as comunidades de galegos espalladas polo mundo.

37. Promover a reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial, a fin de permitir ás autoridades investigar e procesar a toda persoa sospeitosa dun crime de dereito internacional, a chamada xurisdición universal, con independencia do lugar no que se perpetrou o delito ou da nacionalidade da persoa acusada ou da vítima.



38. Condena internacional por parte do Reino da España de réximes antidemocráticos e onde existan vulneracións constantes dos dereitos humanos e dos principios democráticos. Unha política exterior especialmente respectuosa co dereito de autodeterminación.

39. Profundar na colaboración e a coordinación con aquelas institucións con relevancia no desenvolvemento económico mundial, como o Fondo Monetario Internacional, a OCDE, o G-8 e o G-20, sen esquecer as relacións bilaterais ou multilaterais entre os distintos Estados e os pobos.

40. Vamos pular pola creación dun verdadeiro exército europeo, xuntamente a unha estratexia común de defensa europea ante os novos desafíos e os novos retos globais.

41. Promoción da sustentabilidade dos países en desenvolvemento. Subscrición de convenios e acordos bilaterais de cooperación con países en vías de desenvolvemento, para que estes países poidan sumarse tamén á tarefa de abordar o reto de conseguir sociedades modernas e competitivas compatíbeis coa sustentabilidade medioambiental.

42. Trasladar o concepto de gobernanza económica europea a outras políticas básicas para o noso desenvolvemento, como a política exterior, a política enerxética e a política social. **A identidade e gobernanza europeas non son contrarias á identidade e á gobernanza de Galicia. Mais ben todo o contrario. A profundización na construción europea non pode guiar senón a un recoñecemento da realidade da existencia dunha nación galega que é cerne mesmo do europeísmo e da construción europea.**

**ELECCIÓN XERAIS 2019. GALICIA PINTA NO ESTADO.
PROGRAMA ELECTORAL COMPROMISO POR GALICIA**



GALICIA PINTA NO ESTADO

#GALEGUISTASAMADRID
#CXGPORSUPOSTOQUESI



COMPROMISO COA ECONOMIA E O EMPREGO: COMPROMISO COA XENTE E OS SECTORES PRODUTIVOS.

Nunca partillamos a idea de que a mellor política industrial é a que non existe. **Galicia sufriu as consecuencias das políticas do estado español sobre a sua industria. Aínda hoxe en día ollamos como ENCE ou ALCOA,** seguen pendentes da sua continuidade no noso país, coas repercusións que isto pode ter para os empregos e a economía. **Levamos 40 anos sen estratexias a longo prazo e cunha grande dose de improvisación na política industrial do Reino da España e que afectou directamente aos principais sectores industriais galegos.**

Tralo derrube do anterior motor económico sobre a que foi construída a burbulla económica do “milagre económico español”, un modelo de pouco valor engadido e claramente desequilibrado, os sucesivos Gobernos de Zapatero e Rajoy e o último de Sánchez pasaron por diversas ocorrencias, pero sen concretar e sen dar ningún paso serio e coherente cara a un novo modelo económico realista e de futuro. Isto levou no final a que **a ocorrencia da chamada “Marca España” teña un significado no mundo dun modelo económico que non é precisamente símbolo de competitividade nos mercados internacionais.**

Para xerar emprego necesítase unha economía competitiva, baseada na investigación, na internacionalización e apoiada desde as institucións públicas.

Non basta con establecer unha política curtoperazista recadadora de maiores impostos para ingresar máis, sen establecer unha política económica de xeración de riqueza sostible a longo prazo.



Galicia nunca tivo un modelo sólido de política industrial, con traballo ao longo prazo, para facer posible o aumento dos niveis de emprego, riqueza e benestar. **Nen por parte dos gobernos da Xunta que levan soterrados millóns de euros nun IGAPE ineficaz e ineficiente, nen por suposto, por parte do Estado central, que nunca apostou por Galicia como zona económica preferente; que tiña que ser pola súa situación xeo-estratéxica e polo bon facer de moitas das súas empresas, innovadoras e punteiras no seus respectivos sectores a nivel mundial.**

Ademais, é fundamental defender as nosas competencias en política industrial e en I+D+i. Temos que ver a Galicia medio chea, só desde o ámbito galego poderemos garantir que todas as políticas instrumentos, programas e axentes privados e públicos fagan forza común na marca Galicia como símbolo de máxima excelencia e máxima calidade, desde as nosas capacidades e fortalezas como País, para conseguir os obxectivos de competitividade e xeración de emprego.

As medidas proteccionistas xa non serven, a autarquía non é unha opción para o noso futuro como País. Só as empresas con vocación e capacidade internacional poderán desenvolverse nun escenario económico cada vez máis globalizado.

Seguimos nunha sociedade que ten serios problemas para acadar altas taxas de emprego, motivado isto por diversos motivos como: a falta de adecuación dos itinerarios profesionais, a precariedade ,... para alén de diversos factores máis e que inciden sobre a calidade do emprego.

Neste sentido, temos por diante a modificación da reforma laboral do ano 2012 que trouxo un aumento da desigualdade social, a aparición das e dos “traballadores pobres” e que finalmente afondou no deterioro da calidade do emprego.



Nunha economía como a galega, onde existe unha gran atomización das empresas, temos que ter en conta, como as políticas do Estado español e principalmente, da Unión Europea, afectan ao noso tecido produtivo.

Neste sentido é fundamental de vez, encamiñada desde a Unión Europea, unha reforma do réxime especial de traballadores autónomos. O acceso ao crédito, unha regulación que favoreza a contratación e a calidade no emprego, o aumento da nosa competitividade e da internacionalización das nosas empresas, veñen da man entre outras medidas dunha adecuación á nova realidade económica do século XXI.

Sabendo que un dos síntomas desta nova economía é a corta duración dos contratos de traballo, unha das responsabilidades das políticas de benestar pasa por unha **melloría da cobertura por desemprego, ampliando o límite para o cobro de prestación por desemprego ata un máximo de 36 meses.** Temos tamén que **mellorar a protección por desemprego a persoas en situación de desemprego de longa duración, así mesmo, cando afecte a familias con nenos ou con persoas a cargo en situación de dependencia.**

É imprescindible deseñar e levar para adiante programas de formación dirixidos a colectivos con especiais dificultades de inserción laboral: en especial para mulleres maiores de 50 anos.

Por estas novas formas de economía e de valor engadido que crean as novas tecnoloxías e os novos sectores económicos, cada vez máis pendentes de man de obra ultra-especializada, o futuro das nosas sociedades, pasa cada vez mais, por unha maior intensidade do factor capital sobre o factor traballo na produción de riqueza e na súa creación. Neste sentido de acumulación de capital, polo alto custo da implantación de tecnolóxica, e imprescindible aplicar medidas que garantan o retorno social e a redistribución dos recursos xerados nas nosas sociedades.



Para isto, apostaremos polo incremento progresivo do salario mínimo interprofesional, no marco da Carta Social Europea, que fixa este no 60% do salario medio. Abriremos o debate sobre a implantación da renda básica universal; dentro dun modelo de economía máis automatizado e mais tecnolóxico.

Os galeguistas de Compromiso por Galicia propoñemos as seguintes medidas:

43. Aposta decidida e sostida polo I+D+ i. Incrementar o gasto en I+D+i ata achegarnos á media das rexións europeas das que seguimos afastados. reorientar o I+D+i cara unha maior aplicabilidade para o tecido produtivo e cunha maior participación das empresas. Aplicar, ademais, unha avaliación rigorosa dos resultados obtidos, co fin de reorientar as políticas aplicadas. **Necesitamos un I+D+i máis orientado ao mercado, á competitividade.**

44. Internacionalización das nosas empresas. A política industrial debe orientarse con claridade cara á internacionalización dos sectores produtivos e das empresas galegas, con apoios suficientes; tanto económicos, como en forma de servizos.

45. Apoio ao sector agro-pesqueiro. **Para os galeguistas é fundamental o apoio aos nosos sectores agrícola, pesqueiro e gandeiro e aos sectores de transformación vinculados ao sector primario como o forestal e o mineiro. Temos que procurar unha nova política que vaia da man dos valores de sustentabilidade e que axude a frear o avelentamento e o despoboamento que está a sufrir o noso entorno rural.**

46. Apoio á pequena e mediana empresa, aos autónomos e ao comercio urbano nun novo modelo económico baseado na alta capacitación tecnolóxica. Provisión de axudas ao fortalecemento das PEMES, aos autónomos e ao comercio urbano desde



as perspectivas financeiras, de articulación de sistemas de garantía, de mellora dos sistemas de xestión, de adecuación tecnolóxica e de penetración en novos mercados, compartindo riscos e beneficios co sector público.

47. Apoio á Economía Social, que no ámbito internacional acreditou unha gran capacidade de resistencia aos embates da crise económica.

48. Competitividade. Sectores moi significativos da economía española atópanse aínda moi afastados de toda competencia, en especial na área dos servizos, e moi particularmente naqueles que constitúen a contorna da presenza pública. Estes sectores deben incorporarse canto antes á competencia do mercado global, co fin de obrigarlles a ser máis eficaces e a situarse en condicións de resposta ás esixencias de calidade, prezo e atención ao consumidor-cliente que esixe a internacionalización.

49. Atracción e retención de talento. A nosa aposta é a dunha sociedade baseada na xeración e uso do coñecemento e a innovación. Mais de 100.000 mozos e mozas galegas deixaron o País nunha nova vaga migratoria que afecta á xeración con maior talento e formación da nosa historia. Resulta para iso imprescindible converternos nun destino preferente para as mozas e mozos europeos de alta cualificación que busquen traballo e, ao mesmo tempo, ofrecer oportunidades interesantes para as nosas mozas e os nosos mozos, excelentemente formados e con grandes capacidades, para que non se vexan, como o están en gran medida actualmente, obrigados a buscar no exterior unha oportunidade de emprego e de desenvolvemento vital.

50. Evitar ineficiencias e solapamentos do gasto público, a procura da eficacia, o facer máis con menos recursos, deben formar parte da necesaria reforma do gasto público que ten que facerse, para que teña suceso, ao nivel do conxunto das administracións públicas do estado. Cada nivel institucional debe exercer as competencias que lle corresponden atendendo ao marco legal.



51. Temos que modificar o gasto social e os investimentos do estado español en Galicia, dadas as nosas condicións particulares e diferenciadoras no que refire tanto á nosa demografía, como no que refire ás nosas infraestruturas. Temos por obxectivo tratar de evitar que os recortes sigan afectando ás nosas políticas sociais básicas, tanto nas de competencia estatal como naquelas dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.: pensións, desemprego, dependencia, sanidade, educación.

52. O goberno de Madrid ten que levar para adiante aquelas medidas necesarias para gañar produtividade e poder xerar riqueza apostando de maneira contundente na innovación, investigación, internacionalización e apoio á industria.

53. Reforma da fiscalidade que debería incluír a creación dunha taxa europea sobre as transaccións financeiras de capitais de carácter unicamente especulativo. Esta sería unha solución para conseguir unha tributación xusta sobre os beneficios xerados polas empresas multinacionais e **evitar a intensa fraude fiscal que sofre o Reino da España.**

54. Loita decidida contra a fraude fiscal. Modificación e endurecemento do tratamento das figuras de enxeñería fiscal e financeira cuxo obxectivo é a evasión fiscal. **Actuación decidida contra os paraísos fiscais dentro dunha estratexia europea de control dos financiamentos ilegais e o lavado de capitais.**

**ELECCIÓN XERAIS 2019. GALICIA PINTA NO ESTADO.
PROGRAMA ELECTORAL COMPROMISO POR GALICIA**



GALICIA PINTA NO ESTADO

#GALEGUISTASAMADRID
#CXGPORSUPOSTOQUESI



COMPROMISO COS INVESTIMENTOS DO ESTADO EN INFRAESTRUTURAS EN GALICIA. COMPROMISO PINTA NO ESTADO, GALICIA PINTA NO MUNDO.

Fundamentalmente o Estado central ten xogado un papel, cando menos, pouco favorecedor da realización das infraestruturas en Galicia. Un dos motivos do freo no crecemento da nosa economía e da nosa perda de poboación, desde mediados do século XX, ven definido, seguramente, polo plano de creación de infraestruturas do estado en Galicia. Deste xeito en Galicia sufrimos un illamento terrestre do resto da Europa durante décadas que aínda seguimos padecendo nos transportes ferroviarios, tanto de mercadorías como de persoas.

Desde a nosa posición central no Océano Atlántico, **como porta de entrada que somos da Europa e como ponte internacional e plataforma intercontinental para o Norte da América, Centroamérica e as illas do Caribe e toda a América do sur e a África o Reino da España ten relegado o interese xeopolítico de Galicia como “hub” internacional e de interconectividade do sur da Europa con estas partes tan importantes do mundo.**

Tamén, temos que ter en conta que dentro da construción de infraestruturas financiadas e feitas polo Estado español en Galicia, ata o momento nunca tiveran un interese en vertebrar o noso País. O obxectivo de planificación política dos diferentes gobernos centrais pasou por proporcionar unha “fuxida” cara Madrid dos fluxos de comunicacións terrestres galegos.



Así, aínda é hoxe o día no que infraestruturas terrestres prioritarias e urxentes para Galicia non aparecen mais do que en anuncios e publicidade institucional, mais sen ningún investimento real, nen prazos, nen proxectos. Temos pois que levar a unha reformulación do sistema de infraestruturas dentro do Reino da España. O goberno de Madrid ten, de maneira prioritaria e urxente, que facer na súa totalidade, unha reestruturación do seu sistema de planificación e xestión de infraestruturas.

Non é posíbel, na actualidade, que sexa mais rápido chegar en transporte público de Ourense a Madrid; separados por pouco mais de 500 km; do que de Ourense a Porto; distantes apenas 200 km.

Esta é a realidade hoxe en día das conexións galegas con Europa e co resto do mundo.

As infraestruturas teñen que ser planificadas e xestionadas tomando como eixo de referencia ás persoas e empresas para ás cales realmente son feitas. **Vivimos nun dos Estados cun sistema aeroportuario mais centralizado do mundo.** Así acontece tamén co transporte de pasaxeiros e de mercadorías ferroviarias e segue a ser co propio deseño do sistema de autovías e autoestradas con centro en Madrid.

55. Urxe dotar de conectividade á Galicia interior, deixada de man por todos os gobernos de Madrid nas últimas décadas. Para iso apostaremos decididamente pola **conexión de alta capacidade Ourense-Ponferrada e Lugo-Ourense.**

56. Inevitábel é a construción da saída sur do tren no eixo Vigo-Porto, tanto de mercadorías como de pasaxeiros, para proporcionar maior conectividade tanto ao porto de Leixões como aos do eixo Vigo-Marín-Vilagarcía; como no referente á conectividade do sur de Galicia co aeroporto internacional de Porto.



57. Encaixe nas redes transeuropeas. O encaixe do sistema estatal de transporte nas redes transeuropeas debe establecerse como principio-guía central da planificación e decisión sobre as novas infraestruturas e mellora das xa existentes. A conexión co Corredor Atlántico ten que ser negociado de novo na Unión Europea e incluír a conectividade do norte e do sur de Galicia de xeito acado e dentro dunhas novas previsións e esixencias europeas.

58. Un sistema aeroportuario galego, en coordinación e cooperación co aeroporto de Porto, no sentido de acadar o maior número de rotas europeas e transcontinentais para o espazo común que forma a euro-rexión Galicia-Norte de Portugal, un espazo con continuidade e que engloba a mais de 6 millóns de habitantes.

59. Sistema portuario galego, baixo unha mesma e única autoridade portuaria galega, coa cesión dos portos sobre os que o estado español segue a manter a súa competencia.

60. Traslado da sede da conca hidrográfica do Sil-Miño, de base actual en Oviedo para Ourense.

61. Un sistema ferroviario galego, e construción dun sistema de trens de proximidade que conecten o territorio de Galicia.

62. Atención especial ás infraestruturas dixitais no noso rural. A conectividade dixital de alta capacidade é unha clave estratéxica para as decisións de investimento e un factor de competitividade para as nosas empresas. É unha das claves para fixar poboación no interior do noso País e evitar así o despoboamento interior e a súa imposibilidade de crecemento económico e garantir o seu futuro.

**ELECCIÓN XERAIS 2019. GALICIA PINTA NO ESTADO.
PROGRAMA ELECTORAL COMPROMISO POR GALICIA**



GALICIA PINTA NO ESTADO

#GALEGUISTASAMADRID
#CXGPORSUPOSTOQUESI



COMPROMISO COAS POLÍTICAS SOCIAIS:

COMPROMISO CO ESTADO DE BENESTAR, COMPROMISO CO PIAR SOCIAL EUROPEO.

Para Compromiso por Galicia é fundamental para que Galicia pinte no Estado o establecemento dunhas políticas sociais que respondan ás necesidades reais da nosa cidadanía e da nosa economía e que se orienten baixo os principios de sustentabilidade e de eficiencia. Para nós a mellor política social é sempre a creación e redistribución de riqueza no noso País.

Temos pois que propoñer unhas políticas sociais que permitan recuperar o perdido durante a crise polos colectivos máis desprotexidos e vulnerábeis e os sectores mais afectados. Non podemos deixar neste eido de reclamar da Xunta de Galicia a súa responsabilidade sobre as súas propias competencias no referente a políticas sociais e a súas políticas de recortes e privatización dos servizos sociais que da mesma dependen: sanidade, educación,.. Neste ámbito as nosas propostas son as seguintes:

63. Respecto ás nosas competencias e creación dun modelo educativo galego adecuado á nosa realidade de País. Retirada da LOMCE. Defensa dun currículo educativo galego, con especial insistencia na defensa do valor do galego como lingua vehicular no ensino e a súa potencialidade de conexión coa lusofonia e a internacionalización da nosa economía.

Ademais, consideramos que os continuos cambios no modelo educativo que se producen no Estado español inciden negativamente en algo tan importante como a calidade do ensino.



64. Universidade. Unha aposta decidida pola internacionalización das universidades e a súa correcta inmersión na esfera das directrices de Bolonia.

Para iso é necesario profundar na autonomía das universidades á hora de planificar as súas propias decisións estratéxicas, e procurar un maior financiamento para **converter os campus galegos en auténticos campus internacionais de excelencia que pola súa oferta atraian ao alumnado doutras latitudes europeas e da lusofonia, así como seguir profundando na relación universidade-empresa**, xa que o coñecemento universitario é imprescindible para contribuír á innovación do noso tecido empresarial.

65. Transferencia das competencias pendentes na área de Sanidade: formación sanitaria especializada, control sanitario das baixas e incapacidades laborais e sanidade exterior. Ademais, participación activa da Comunidade Autónoma de Galicia nos órganos encargados da autorización, rexistro e fixación de prezos dos medicamentos.

66. Restablecer a universalidade do dereito á saúde, adoptando todas as medidas necesarias, incluíndo a modificación do Real Decreto-lei 16/2012, a fin de garantir a asistencia sanitaria a todas as persoas que residen no Estado.

67. Compromiso por Galicia esixira ao goberno do Estado, sexa cal sexa a súa cor política o cumprimento dos compromisos do Estado no que é a relación á Lei de Dependencia. Hoxe en día, tras 12 anos desde a súa aprobación, esta lei ten evidentes dificultades de financiamento.

68. Maior investigación e prestacións no caso das enfermidades raras.

69. Integración laboral das persoas con discapacidade. Trátase de cumprir a Convención Internacional para os Dereitos das Persoas con Discapacidade e a lexislación vixente respecto das porcentaxes de integración nas Administracións Públicas.



70. Políticas de igualdade co noso compromiso de evitar calquera retroceso nesta materia estratéxica para o noso desenvolvemento social. É un dos valores do galeguismo incidir no progreso e nos avances sociais das sociedades modernas.

Ante a vaga de retrocesos proposta por outras formacións políticas Compromiso por Galicia ergue a súa voz na defensa dun modelo de sociedade mais xustas, mais progresistas e nas que desde o humanismo o centro sexa o avance na consecución de progresos sociais no camiño dunha sociedade mais igualitaria e mais inclusiva. **Neste camiño temos que seguir demandando unha maior visibilización profesional da muller, a eliminación das brechas salariais e o avance na corresponsabilidade das nosas sociedades.**

**ELECCIÓN XERAIS 2019. GALICIA PINTA NO ESTADO.
PROGRAMA ELECTORAL COMPROMISO POR GALICIA**



GALICIA PINTA NO ESTADO

#GALEGUISTASAMADRID
#CXGPORSUPOSTOQUESI



COMPROMISO CO MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL. O COMPROMISO GLOBAL.

En Compromiso por Galicia acreditamos nunha sociedade na que o desenvolvemento, o progreso, a innovación, a competitividade e o crecemento deben producirse nun contexto de respecto ao medio ambiente e ao noso excepcional patrimonio natural e paisaxístico.

Desde Galicia podemos afrontar o gran reto do cambio climático dentro da axenda 2030 marcada polas Nacións Unidas e que pasa por unha aposta decidida e responsable polo modelo de sociedade moderna e democrática e polo mantemento das políticas do Estado de benestar que é necesario novamente impulsar.

O equilibrio entre a protección do medio ambiente e o desenvolvemento socio-económico debe producirse de forma constante incluíndo novos modelos de economía circular, así como incentivando e promovendo un cambio sobre o modelo enerxético dependente das enerxías fósiles. **Apostaremos por un “green deal” en toda a Europa sobre a base da “economía verde”**

O escenario enerxético mundial está coñecendo profundas transformacións. Europa é testemuña e sufridora claramente das mesmas. Ficamos diante dos síntomas dun cambio climático, derivados en boa parte dos modelos enerxéticos cos que viñemos funcionando desde a primeira revolución industrial, dependentes do carbón e do petróleo maioritariamente.



É imprescindible unha nova cultura enerxética que faga fronte a toda unha serie de cambios, nada simples en ocasións, nos sistemas de vida cos que se veu operando ata os nosos días.

O Estado español segue baixo un modelo de enorme dependencia enerxética sobre os combustíbeis fósiles. A Unión Europea está a marcar o camiño para un novo modelo enerxético e a transición ao mesmo.

Na mesma medida, temos que xestionar o futuro da auga da que dispoñemos e que na Galicia está a ser xestionada de xeito totalmente nefasto. Nesta altura é preciso acordar un plano de xestión dos nosos recursos hídricos e xestionar os dous grandes ríos que atravesan de norte a sur o noso País. **Tanto o “Pai” Miño como o Sil son fonte dunha grande riqueza para Galicia é temos que ter a posibilidade da súa xestión dentro da parte do seu curso que transcorre por entre a nosa Comunidade Autónoma.**

Temos tamén que enfrontar aos aproveitamentos mariños e camiñar decididamente cara unha pesca moito mais respectuosa co medio ambiente, coas poboacións locais que sofren as consecuencias da sobre-explotación dos seus recursos mariños e por último tratar de conseguir un uso do litoral ecoloxicamente sustentábel.

Promover a sustentabilidade ambiental e combater o cambio climático é unha obriga das xeracións presentes para o futuro do noso planeta e para o benestar das nosas sociedades nun futuro próximo.

Temos por diante o reto dunha Europa que utilice eficazmente os recursos como parte da estratexia “Europa 2020” para un crecemento intelixente, sustentábel e integrador. Temos pois que axear a nosa economía para un novo modelo de economía circular.



Tamén, dentro da “Axenda 2030” das Nacións Unido sobre desenvolvemento sustentábel establécense 17 obxectivos de desenvolvemento sustentábel vinculados estreitamente ao desenvolvemento da economía circular. **O reto é un cambio profundo no modelo cultural e económico e que sitúe a “circularidade” no centro das políticas públicas.**

É na base disto que os galeguistas de Compromiso por Galicia propomos as seguintes medidas no eido das políticas medioambientais:

69. Cumprimento estrito dos compromisos medioambientais aprobados a nivel internacional.

70. Avance no uso de enerxías renovábeis. Aposta orzamentaria polas enerxías limpas, no marco dunha menor dependencia enerxética do exterior. Neste sentido Galicia é exportadora neta de enerxía eléctrica, esixiremos un cambio na tributación fiscal das empresas do sector eléctrico para que a tributación sobre a produción sexa investida en Galicia. **Aposta decidida polo autoconsumo e a xeración distribuída, principios que deben guiar a orientación estratéxica da política enerxética.**

71. Aforro e eficiencia enerxética. Reclamamos plans de aforro e eficiencia enerxética con obxectivos máis ambiciosos.

72. Política enerxética europea. Defensa da aposta por un mercado común europeo. Cumprimento do obxectivo de potenciación das interconexións transfronteirizas de transporte de enerxía.

73. Saneamento integral das rias galegas.



74. Levar para as claras o establecemento de estándares sobre os cultivos ecolóxicos e prohibición do uso de herbicidas como o glisulfato.

75. Fiscalidade Verde. Utilizar a fiscalidade como instrumento para promocionar tecnoloxías e sectores limpos e para penalizar tecnoloxías e sectores contaminantes.

76. Transparencia, competencia e esixencia de máxima transparencia nas operacións do mercado enerxético.

77. O chamado “littering”; deitar lixo fóra dos lugares indicados; é un problema de cultura cívica que afecta a todos. Os lixos abandonados no medio ambiente provocan un problema, hoxe en día globalizado, nas chamadas “illas de plástico”. **Temos por obxectivo a redución do uso de plásticos, así mesmo como a reciclaxe dos mesmos.**

78. Implantación do modelo de economía circular e redución da pegada de carbono da nosa actividade económica, descarbonización da nosa economía.

79. Creación do Parque Nacional na Montaña de Lugo: O Courel e Os Ancares.

80. Progresiva descarbonización do transporte público por estrada e ferrocarril.



**COMPROMISO
POR GALICIA**

www.compromiso.gal

Galeguistas